

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello do Saviñao conta con 3.832 habitantes (IGE: 2017), dos cales 1.625 (o 42,4%) teñen máis de 65 anos, tendo un índice de envellecemento (número de persoas maiores de 65 en relación ás menores de 16) de 555,31, moi superior á media galega (192,5).

A idade media do Concello é de 56,96 anos.

En canto ás persoas con discapacidade, o Concello do Saviñao contaba en 2017 con 257 persoas con discapacidade recoñecida.

O Concello do Saviñao non dispón de centros de atención á terceira idade.

En 2010, a Deputación acordou construír unha residencia e centro de día no Saviñao e no 2011 adquiríronse terreos para a mesma. A xuño de 2018 non hai nada avanzado, nin por parte da Deputación nin por parte do Concello do Saviñao.

Recentemente, a Xunta vén de anunciar o inicio da construción do novo centro de saúde do Saviñao (sendo en 2016 cando se publicou o anuncio para a



licitación da redacción do proxecto), prevendo o remate das obras a finais do ano 2019, co cal quedará en desuso o actual edificio.

O edificio do centro de saúde do Saviñao presenta deficiencias estruturais, polo que sería preciso un estudo para determinar a viabilidade para novos usos, como o de centro de día.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción dos seguintes acordos.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Elaborar, antes de finais do ano 2018, un estudo para determinar a viabilidade do edificio do centro de saúde do Saviñao para albergar un centro de día.
2. De ser viable o uso do edificio do centro de saúde do Saviñao como centro de día, impulsar en 2019, xunto con Concello do Saviñao e Deputación de Lugo, a dotación do Concello do Saviñao cun centro de día público para proporcionar atención diúrna a persoas maiores e dependentes do municipio.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/06/2018 10:25:35

Luis Villares Naveira na data 19/06/2018 10:25:45